

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**5377** *ORDE PRE/848/2006, do 21 de marzo, pola que se modifica a Instrución técnica complementaria número 25 (ITC 25), sobre normas de seguranza para a carga e descarga en portos, do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro. («BOE» 72, do 25-3-2006.)*

O Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de explosivos, autoriza os ministerios do Interior e de Industria, Turismo e Comercio para actualizar os contidos técnicos das instrucións técnicas complementarias, cuxos textos se xuntan como anexos ao Regulamento aprobado por este real decreto, levándose a cabo a actualización conxunta cos restantes departamentos que teñan competencias nas respectivas materias e, especialmente, co Ministerio de Fomento canto ás ITC 24 e 25.

Mediante esta orde modifícase a Instrución técnica complementaria número 25 (ITC 25), en atención ás dificultades prácticas para o seu cumprimento en portos de pequena dimensión, especialmente nos insulares. A modificación permite a exención do cumprimento dalgún dos preceptos dispostos na propia instrución, en casos determinados, cos informes previos oportunos e ditándose en cada exención a observancia de condicións adicionais de seguranza.

Unha vez analizada a distribución competencial na materia, determinouse que estas exencións parciais e dadas caso por caso, se establezan cos informes preceptivos e vinculantes das dúas comisións interministeriais permanentes, isto é, a de Armas e Explosivos e a de Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas. Ambas as comisións emitiron informe favorable da modificación da ITC 25 que se leva a efecto mediante esta orde.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento e dos ministros do Interior e de Industria, Turismo e Comercio, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.*

Engádesse un punto 5 á Instrución técnica complementaria número 25 (ITC 25) sobre normas de seguranza na carga e descarga de explosivos nos portos, do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, que terá a seguinte redacción:

«5. Excepcións.

O Ministerio de Fomento, a través do director da autoridade portuaria correspondente ao porto en que se realiza a operación de carga ou descarga, poderá excepcionalmente eximir, de oficio ou por petición de parte interesada, do cumprimento dalgúns condicións indicadas nos puntos anteriores, sempre que se establezan medidas adicionais de forma que a seguranza no transporte e manipulación non se vexa comprometida. Con carácter previo á excepción que eventualmente se dite, serán preceptivos e vinculantes os informes da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos e da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 21 de marzo de 2006.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Ministra de Fomento e ministros do Interior e de Industria, Turismo e Comercio.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**5513** *REAL DECRETO 250/2006, do 3 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras. («BOE» 74, do 28-3-2006.)*

O Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, recolleu a lexislación nacional previa na materia e incorporou ao ordenamento xurídico interno unha normativa comunitaria integrada pola Directiva 92/34/CEE do Consello, do 28 de abril, relativa á comercialización de materiais de multiplicación de froiteiras e de chantóns de froiteira destinados á produción frutícola e por outras tres directivas da Comisión ditadas en desenvolvemento e conformidade con aquela.

Xurdiron novos problemas fitosanitarios que poden afectar a calidade das plantas de viveiro de cítricos como vehículo de transmisión ás plantacións e que se encontran estudados de maneira suficiente como para podelos incorporar nas medidas de control e certificación das especies cítricas.

Así mesmo, para asegurar a calidade do material vexetal comercializado canto á súa identificación varietal, cómpre establecer a obriga de que todas as plantas de viveiro de cítricos estean inscritas no Rexistro de variedades comerciais, que permitirá unha maior transparencia das variedades ofertadas, de seguranza para o comprador e evitará erros e sinonimias.

Este real decreto introduce as modificacións necesarias para manter o citado rexistro actualizado nos aspectos sanitarios e varietais das plantas de viveiro de especies cítricas.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo, incorporada ao ordenamento xurídico interno polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo.

Na súa elaboración someteuse á consulta das entidades representativas dos sectores afectados e das comunidades autónomas.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de marzo de 2006,

## DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras.*

O Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, queda modificado como segue:

Un. Engádeselle ao artigo 21 unha nova alínea d):

«d) As variedades deberán estar inscritas no Rexistro de variedades comerciais.»

Dous. O cadro 1.A do anexo VI substitúese polo seguinte:

«A) Material parental e plantas de base.

Doenzas	Periodicidade do test en anos	
	Plantas en abrigo de corentena	Plantas en pleno campo
Tristeza .....	3	1
Vein-enation .....	3	1
Grupo psoriase e doenzas que provocan nas follas novas síntomas similares aos da psoriase (Psoriase, Ring Spot, Cristacortis, Impietratura e Cónclave Gum) .....	10	6
Infectious Variegation .....	10	6
Exocortis .....	3	3
Cachexia-Xiloporose .....	6	6
Stuborn * (Spiroplasma citri) ...	1	1
Mancha foliar dos cítricos (Citrus leaf Blotch)	10	10

\* Síntomas visuais.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao de súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

**5621** *REAL DECRETO 358/2006, do 24 de marzo, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas á reconversión de plantacións de determinadas especies frutícolas. («BOE» 75, do 29-3-2006.)*

O cultivo de determinadas variedades e especies frutícolas en España estase vendo afectado por diversos aspectos que están proporcionando produtos que non se

adequan ao demandado no mercado, coa consecvente perda de competitividade do sector.

Neste senso, a existencia de variedades obsoletas e de especies e variedades inadaptadas á zona xustifica que se adopte unha medida de reconversión da produción de determinadas especies frutícolas. Para impulsar o seu desenvolvemento preveuse conceder unha axuda a aqueles agricultores interesados en arrincar a súa plantación e realizar unha nova con variedades ou especies máis adecuadas.

A citada axuda propónse como unha alternativa ás actuais liñas existentes, xa sexa no marco dos programas operativos definidos no Regulamento (CE) número 2200/96 do Consello, do 28 de outubro de 1996, polo que se establece a organización común de mercados de froitas e hortalizas, ou pola vía de desenvolvemento rural dentro do Regulamento (CE) n.º 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, sobre a axuda ao desenvolvemento rural por conta do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos. Por tanto, a concesión desta axuda é incompatible coas liñas anteriores.

Co fin de cumprir os obxectivos convén precisar as condicións para a concesión da axuda, establecendo uns límites relativos á dimensión das explotacións beneficiarias e do período para a súa execución, así como determinadas características das plantacións obxecto de arrinca e das de novo cultivo.

O importe da axuda fíxose tendo en conta os custos das operacións de arrinca e plantación, e considerando o disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C 28/02).

Os interesados en acollerse a esta medida deben dirixir a súa solicitude ao órgano competente na comunidade autónoma onde radique a plantación, que será o encargado da súa tramitación, así como de realizar as comprobacións necesarias para a resolución e o pagamento da axuda.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elevará á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural a correspondente proposta de criterios para a repartición dos fondos dispoñibles entre as comunidades autónomas.

O pagamento das axudas concedidas quedará condicionado á decisión positiva da Comisión Europea sobre compatibilidade destas co mercado común.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de marzo de 2006,

## DISPONGO:

**Artigo 1.** *Obxecto.*

Este real decreto establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos titulares das explotacións de mazás, con excepción das mazás para sidra, peras, pexegos, nectarinas, cereixas e ameixas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a fomentar a reconversión das plantacións das ditas especies, durante o período que se inicia no ano 2006 e que terminará en 2011.

**Artigo 2.** *Actividades susceptibles de subvención.*

Poderán ser obxecto de subvención as seguintes actividades:

a) A arrinca e a nova plantación.